

Cristián ecoloxista

Victoriano Pérez Prieto, sacerdote en Ferrol, confésase un ecoloxista profundo e asegura que á Coruña non lle viría mal unha diocese

Verbos como entender, comprender, dialogar, escoitar, e rezar escríbense con maiúsculas no vocabulario deste leonés. Victorino Pérez Prieto exerce na actualidade o sacerdocio en Ferrol. Ademais é licenciado en Teoloxía pola Universidade Pontificia de Salamanca. O seu último libro é *Do teu verdor Cinguido, Espiral Maior*. Unha obra pensada: "Son cristián, é o que agora me define. Son capaz de beber na miña cultura". ¿Nacionalista?: "É loitar polos dereitos dun pobo pero non impoñerlles a outros". Victorino Prieto é todo nervio, palpa a vida. Descóbrenos, chámalle un home de pobo, de ideas. Amor, natureza, escritura e aperturismo, así mo describen antes de facerlle a entrevista.

—Vostede escribiu un libro e, dá a impresión de que o levaba dentro.

—Pois si. Eu creo que o ecoloxismo, coma tódalas formulacións, non é unha moda, senón que son alternativas globais, é dicir, unha postura ante a realidade, ante a xente, ante os problemas, o cosmos.

—Fala dun ecoloxismo militante.

—Poderíalle dicir que, en Galicia, pola mesma razón que unha persoa pode ser ecoloxista, pois debe ser galeguista na medida dunha defensa, dunha cultura minoritaria durante moitos anos asoballada e que resistiu, pero desde a pobreza, desde a humildade. O problema número un do ecoloxismo é que existe unha especie no planeta terra que é a especie predominante; preponderante por unha serie de razóns.

—E iso é malo?

—É moi bo que teña as súas capacidades, as súas cualidades a especie humana, pero apropiouse do dereito de se-lo dominador de todo o resto da realidade do planeta terra e utilízao para o seu servizo. Volvemos á pregunta de antes: ¿cal é o problema do ecoloxismo? É o feito de que a especie humana se crea co dereito de dominar, de se-lo dominador de toda a terra; explicome: explota-la terra como lle veña en gana, negándolle os seus dereitos. Isto é malo en primeiro lugar para a propia especie humana. Se estragámo-las capacidades de desenvolvemento do planeta terra, os primei-



Victoriano Pérez Prieto asegura que a palabra que agora o define é a de cristián

R.C.

ros en sufrir son os pobres.

—De igual maneira, ¿os primeiros en caer son...?

—Se hai unha deflagación nuclear, os primeiros en caer son os que non teñen máis ca un teito de casa onde cubrirense, ¿non? Os ricos meteranse non seus refuxios antiatómicos. Tamén a defensa da natureza que ten dereitos por si mesma, a natureza orgánica e inorgánica. Unha formulación radical de ecoloxismo significa que non se trata de defende-los dereitos das plantas illadamente senón de defende-los dereitos dos pobres e de tódalas realidades máis indefensas do planeta.

—Volve insistir nun ecoloxismo militante.

—Se le o meu libro nun capítulo que lle dedico á alternativa ecoloxista verá que alí falo do que entendo por ecoloxismo e do que entenden comigo gran parte do colectivo ecoloxista. Ser ecoloxista, ser militante ecoloxista, non é o mesmo defende-la ecoloxía que ser ecoloxista, existen biólogos que defenden a ecoloxía pero que non son ecoloxistas.

—¿Ten que haber de

todo?

—¡Dende logo! eu defendendo que todo o ecoloxismo ten que ser militante. Cada un ó seu nivel. Haberá ecoloxistas máis e menos implicados, ¿Quero dicir que o importante é consumir? Non, non. Non se pode consumir desaforadamente, estamos degradando a terra por culpa dese consumo desaforado. Non podo eu gastar tódalas bolsas que queira. Un exemplo, eu vou a un establecemento e danme bolsas cando eu quero unha caixa, un motivo máis para contribuír á morea de produtos que non se poden reciclar.

—Vólvese falar dos países capitalistas e socialistas.

—Países socialistas case xa non quedan. Queda Cuba e pouco máis. Un ecoloxismo que quere abrazar todo o cosmos, quero dicir, que non adoito defende-los dereitos da materia, pois eu son materia. O meu espírito xorde desde dentro da materia. Ese é o nivel máis complexo pero é ó que a min me interesa chegar. Falamos dun ecoloxismo espiritual que é o

teolóxico, místico incluso.

—Existen dúas 'tendencias': os chamados teólogos da liberación e os conservadores. ¿Que fan estes últimos?

—Vostede refírese á Igrexa... O movemento neoconservador non está só na Igrexa senón que esta na sociedade.

—Perdón, perdón. ¿Non están un poucoñciscados? ¿vostedes achéganse ós pobres, ós galegos?

—Eu dicíalle antes que o movemento neoconservador na Igrexa está no contexto do movemento neoconservador do mundo. Un sistema neoliberal, etc. está moi estudiado polos psicólogos, politólogos e economistas. Outra cousa é se iso se lle aplica á realidade da Igrexa no cristianismo como sempre ocorreu en toda a súa historia. A mellor teoloxía é a teoloxía máis aberta, máis progresista, a que é capaz de crear, a que é capaz de dicir algo novo.

—Unha teoloxía conservadora.

—Si. A teoloxía da que me fala non fai senón repetilo que fixo sempre. Po-

demos coñecer a Santo Tomás e darlle voltas ó tema, esquecendo que Santo Tomás foi un revolucionario, tivo problemas coa Igrexa cando el viviu. Séculos despois esa teoloxía, filosofía escolástica, parece que se converteu como a única boa. Todos, progresistas e conservadores, parten da realidade da Biblia, a reflexión é a aposta de Xesús.

—¿A que ten que responder a teoloxía?

—A teoloxía se quere ser fiel ó espírito de Xesús ten que estar comprometida coa realidade e co débil.

—¿Está actualmente cos débiles?

—Creo que a mellor liña teolóxica está cos pobres. Non só a teoloxía da liberación, tamén toda a teoloxía progresista europea está defendendo a realidade dos máis débiles.

—No seu libro fala de materialismo, da Biblia.

—Do que falo é de que o cristianismo é materialista. Materialismo entre comiñas, depende como se entenda. ¿En que sentido o cristianismo é unha relixión materialista? É unha relixión que valora a reali-

dade da materia. Dicimos, 'materialista', e podemos pensar nunha persoa que gaña moitos cartos... ¿Existe outra visión do materialismo? Valoro a materia, ármome dela.

—¿Somos materia?

—Eu son materia, e por aí está profundamente relacionado coa teoría ecolóxica. Supoño que é unha reflexión que vai resultar un poucoñ complicada. As mensaxes fáciles cóllense de seguido, non hai que tirar papeis no chan... Temos que chegar a un ecoloxismo que signifique ama-la materia, non só ama-los animais.

—Gandhi adoitaba dicir: "Creo en Xesucristo menos no cristianismo".

—¡Ah si, eh! ¿Por que? pois porque eran malos discípulos do seu mestre con toda a razón do mundo. Entón para redescubrir esa vea ecolóxica—cristiá—pacifista teño que vela na miña tradición. Na tradición xudeu cristiá pero bebela, como non, noutras correntes, particularmente nas tradicións orientais que sempre foron pacifistas. O día en que se funda o espírito transformador de Occidente co espírito pacificador de Oriente, nese día temos solucionados tódolos conflitos do mundo.

—¿Vostede comería con hinduístas, budistas ou musulmáns?

—Non só comería, rezaríamos xuntos. Para min o maior profeta foi Xesús. Mais que un profeta, a encarnación de Deus e por iso son cristián. Agora ben, iso non quere dicir que Xesús sexa o único. Mahoma foi un gran profeta e tamén Buddha, Laozi (Lao Set)...

—Vostede vive en Ferrol. ¿Que lle parecería ter unha diocese na Coruña?

—Niso ten toda a razón Manuel Espiña Gamallo. A diocese de Santiago é unha diocese mastodóntica imposible de administrar. ¿Facer que funcione unha diocese que ocupa media Galicia é imposible? Encontrámonos ante unha realidade completamente distinta. Incluso a nivel alto está claro. Pero facer unha diocese nova dentro da maneira que ten de funcionar a Igrexa é moi complicado: é máis difícil sumar que dividir.



Roberto Carlos Mirás

para Nicanor